

## O Castro de Cabeza de Francos

*Texto inédito. Orixinal manuscrito  
en castelán.*

Xosé María **Álvarez Blázquez**

### SITUACIÓN

Cabeza de Francos é unha OUTEIRO destacada, na parroquia de Pazos de Reis, concello de Tui. Constitúe un esporón avanzado nas estribacións do Monte Aloia situado inmediatamente ás súas costas. Ao Sur, Leste e Oeste áchase asentado a pico, en pendente inaccesible, que fai do castro verdadeira fortaleza natural; o lado nordés mira aO citado Aloia, estando profundamente separado das faldras deste por unha garganta duns 15 m. de altura.

Non obstante, por tratarse da única zona accesible os moradores do castro víronse obrigados a practicar unha dobre muralla semicircular nesta parte do poboado. A eira é unha meseta chaira e ovoidal, que mide aproximadamente 200 m. de N a S e 75 m. de E a O, apenas interrompido pola influencia dalgunhas rochas graníticas. Un maior conglomerado destas, a xeito de ideal atalaia para o amparo S. O. da meseta, dominando a espazosa veiga do Miño na súa confluencia co Louro e as fronteirizas cidades de Tui e Valença. O panorama ofrece dende alí unha marabillosa vista de paxaro, que era indubidablemente a vista preferida polos habitantes dos nosos castros, en monumental culto de ascensión.

Baixo esta meseta de Francos e na que mira a Tui (S.), como un chanzo practicado a 40 ou 50 m. máis abaixo, ofrécese outra máis pequena, igualmente inaccesible dende a chaira, que moi ben representaría o papel dunha avanzada. A natureza deu aquí todo feito ao home castreño, que, por se non era pouca a súa defensa, contaba aínda cun último contraforte defensivo no hoxe chamado Chan da Marea remate á súa vez dun definitivo chanzo, antes de pasar á fertilidade da veiga.

O lugar de Os Castros, situado na vertente O. do castro, chamado Rego de Bantián, indica posiblemente a localización da necrópole.

## DESCUBRIMENTO

Na primavera de 1933, un grupo de estudantes, tudenses, capitaneados polo entusiasta e culto prehistoriador DON Manuel Fernández Costas, iniciamos traballos de escavación no Castro, seducidos pola súa magnífica situación, a súa singular factura de atalaia e o feito evidente de ser poboado como mostraba a súa dobre muralla posterior. O traballo era duro xa que apenas contabamos con achegas económicas, e tiñamos que manexar nós mesmos a aixada e o pico. Nalgunhas ocasións, cando o traballo de desentullo se facía pesado, o señor. Fernández Costas pagaba do seu peto particular o xornal dun ou dous peóns. Aquela primavera e o verán seguinte traballamos con intensidade.

Foron descubertas e totalmente exploradas dúas vivendas circulares e parte doutras dúas, ao parecer de traza rectangular. O produto dos achados, debidamente clasificado, pasaba a engrosar o modesto "Museo" de Prehistoria, que con estes elementos, a magnífica colección do Asturiense gardés do señor Fernández Costas, e as curiosas pezas paleolíticas achadas tamén na bisbarra de Tui, por nós<sup>1</sup>, instalamos no Instituto de Segunda Ensinanza desta cidade.

Durante o ano 1934 o noso traballo limitouse case exclusivamente á práctica de exploracións que deron por resultado recoñecer que a total superficie da meseta fora habitada. Outras veces exploramos as abas, en fin, non proseguimos as sistemáticas escavacións convencidos de que iso non estaba encomendado as nosas fracas forzas; o noso

---

(1) Sobre esta singular colección preparamos un estudo, en colaboración co erudito prehistoriador Bouza Brey.

obxectivo se limitaba apenas a comprobar aquilo que a simple vista se advertía: que o castro de *Cabeza de Francos* fora cuarto permanente de homes en épocas remotas.

Proseguimos aínda durante o ano 1935 a busca superficial, e os obxectos achados ían a engorsar os fondos do noso "Museo". Pero ao xurdir a guerra española en 1936, aquel grupo de estudantes espárexeuse polas fronteas, o Instituto foi clausurado pouco despois para converterse de novo no cuartel que antes fora e os obxectos conservados no "Museo" puideron ser trasladados a unha ruínosa dependencia propiedade do Concello. Autorizado amablemente polo señor Alcalde fíxenme cargo, un ou dous anos máis tarde, daquilo que era posible recuperar; o piso do local, cheo de buratos que daban a un soto insondable, tragara boa parte das pezas ata alí levadas, pero aínda tiven a fortuna de recuperar a maioría e tamén as máis interesantes.

Constituínme, pois, en depositario do que a moitos pertencía, puíden restituír a señor Fernández Costas a case totalidade de se colección de asturiense, e aínda que tivemos que lamentar, entre outras, a perda dun precioso machado neolítico de fibrolita, procedente do Mural, e unha punta de frecha de sílex, tiven a satisfacción de ver cheos os meus esforzos. Erixínme en custodia dos obxectos de Cabeza de Francos, e grazas a iso éme posible hoxe ofrecer esta noticia que, a verdade, chega con 15 anos de atraso.

Indubidablemente o castro ofrece interese, e é urxente emprender un estudo metódico, que deberá culminar cunha serie de escavacións en le propio Monte Aloia e nos demais castros estremeiros, especialmente en le lugar de Antas, parroquia de Areas, nos arredores da cal nós mesmo achamos ata 3 machados neolíticos a flor de terra, sen dúbida procedentes das antas que dan nome ao lugar.

As innegables condicións militares deste castro determinou a súa utilización como punto estratéxico de defensa mesmo en época recente. Alí apousentaron por longo tempo os combatentes que fustrigaban ás forzas francesas que tomaron posesión de Tui, de alí partían as súas terribles incursións, e dende alí, en fin, a inicio a reconquista da cidade, despois de desbaratar un escuadrón de cabalaría inimiga, que intentaba inutilmente gañar a altura. A tradición sinala mesmo o lugar preciso da localización dun casarón, encaixado entre dous penedos, que ao parecer, era tamén de "pan".

## INVENTARIO DO CASTRO DE CABEZA DE FRANCOS

<b>Metal</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Un fragmento amorfo de casiterita. Peso aproximado 26 g.</li> <li>● Un pequeno bronce do Baixo Imperio. A: Busto irrecoñecible. B: Esquema arquitectónico.</li> <li>● Varios cravos de ferro de cabeza grande e puntiagudos achados dentro dunha anforiña ou vaso de cerámica.</li> <li>● Varias chapiñas de ferro, duns 3 cm. de exterior por 2 cm. de ancho, achadas dentro do mesmo vaso. Tanto estas chapas como os cravos, moi oxidados, descompuxéronse totalmente.</li> <li>● Algúns fragmentos amorfos de bronce.</li> </ul>
<b>Vidro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Fragmento da boca dun recipiente, que ao parecer, comprende a metade exacta dunha circunferencia e bastante parte do colo, 55 mm de diámetro no exterior. Esta boca conclúe bruscamente en gollete moi curvado, duns 8 mm de diámetro, que se abre bruscamente despois, no colo, o cal ten 15 mm de diámetro. (Fig. 1)</li> </ul>
<b>Pedra</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Unha conta de colar de cuarcita verdosa, en forma semiesférica, furada polo centro con burato circular.</li> <li>● Tres pedras de afiar de cuarcita, cunha das súas superficies moi pulida polo rozamento.</li> <li>● Un canto rodado de cuarcita lascado, con aparente intención de obter un instrumento cortante.</li> <li>● Unha pedra de cuarcita de curiosa forma cilíndrica de 9 cm. de lonxitude, con case 6 de circunferencia, que parece indicada como pulidor.</li> <li>● Un pequeno canto rodado, de 5 x 2 cm. de cuarcita vermella listada, moi pulida, que indica un prolongado uso como pulidor ou electo de xogo.</li> <li>● Un obxecto de granito, moi ben conservado, duns 16 cm. de lonxitude, por 14 de diámetro. Foi achado ao practicar un camiño na aba sueste do castro e posúeo actualmente, o resolto arqueólogo don Manuel Fernández Costas.</li> </ul>



Fig. 1



Fig. 2




Fig. 3




Fig. 4

	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Obxecto de granito de sección semicilíndrica, parte activa dun primitivo muíño (extraviada).</li> <li>● Varias pedras de muíño.</li> <li>● Un amarradoira de granito en forma de corno (extraviadas) “Prisões de Gãdo”.</li> </ul>
<p><b>Cerámica</b></p>	<p>(Fig. 2-4)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● O espolio de cerámica é moi abundante, pero extraéronse algunhas pezas curiosas, entre as que mencionamos:</li> <li>● Fragmento dun <i>dolium</i> de grandes dimensións, que pechaba case a súa circunferencia.</li> <li>● Base de recipiente, duns 20 cm. de diámetro, cunha estrela de puntos incisos, inscrita nunha circunferencia, tamén de puntos.</li> <li>● Fragmento de <i>dolium</i> con debuxo de molde de palma e cruzamento de esquerda a dereita. Conservamos apenas dous fragmentos, pero cos motivos ornamentais nun único sentido.</li> <li>● Unha anforiña case completa de delicadísima factura e escaso espesor.</li> <li>● Varios fragmentos de pratos de “<i>Terra Sigillata</i>”, un deles moi completo.</li> <li>● Fusaiolas torneadas.</li> <li>● Un fragmento dunha gran tapadeira, ao parecer de urna funeraria.</li> <li>● Un “<i>pondus</i>” rectangular curvado duns 500 g.</li> </ul> <p>Entre o conservado rexistramos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Catro fusaiolas, obtidas de testos redondeados.</li> <li>● Fragmento dun prato de “<i>Terra Sigillata</i>” (1/4 da peza).</li> </ul> <p>Outros varios fragmentos de bordo de pratos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Metade inferior dunha anforiña ou vaso de 4 cm. de diámetro, na base, e 19 cm no ventre. Parede de 3 mm de espesor.</li> <li>● Numerosos fragmentos de bocas de recipientes. Destaca un de forma trilobulada, correspondente a un vaso de reducidas dimensións, a xulgar polo escaso espesor da parede.</li> </ul>

- 2 fragmentos ostentando asa semicircular interior. Un deles completo e outro disposto en sentido horizontal entre liñas paralelas á boca do recipiente.
- Numerosos fragmentos de asas de diversa formas, dende a xigantesca da ánfora romana, á diminuta dos pucheiros, sen cabida para un dedo.
- Testos con debuxos, a maior parte por incisión. Dividímoslos en:
  - De liñas, simples e múltiples.
  - Serpentiformes, simple, dobre e triplo.
  - De puntos, redondos, romboidais, semicirculares, de “vírgula” e indefinidos.
  - De incisións de liñas oblicuas paralelas. Un curioso exemplar conta, baixo unha franxa de liñas oblicuas contida entre pares de horizontais continuadas, un curioso debuxo a xeito de elegantes triángulos nun pequeno círculo.
  - De palma e cruzamentos. É o máis interesante exemplar de ornamentación. Está practicado a molde e pegada.
  - Tres palmas alternaban a dereita e esquerda, dando unha sensación de ás; as cruces son oblicuas, recordando a de Santo Andrés e pola forma están estampadas, sinalando un círculo no oco, os diámetros perpendiculares saíntes do cal sinala a cruz. Parecen revelar un motivo bárbaro.
  - Numerosos fragmentos ornamentados con “*torus*” simples ou múltiples, semicilíndricos ou aplanados.
  - Un pequeno testo de cerámica vermella, esmaltada interior e exteriormente de negro. A pintura interior desapareceu, mentres a exterior consérvase moi ben, e ostenta aínda un leve brillo.
  - Varios remates cónicos de ánforas.
  - Fragmentos de tégulas.
  - Unha plaquiña, que non parece parte dun recipiente, senón aplique ornamental, que presenta unha superficie plana interior e outra curvilínea exterior, que se unen e complementan. Na superficie exterior curva está o motivo das cruces.

## CONCLUSIÓNS

Pola súa posición avanzada e inexpugnable ante un ataque, o Castro de Cabeza de Francos debeu ser habitado dende moi remotas épocas. As pegadas de instrumentos líticos tallados en toda a bisbarra de Tui demostran a súa antiga poboación; Francos eran o lugar ideal de cuarto a resgarde de toda ameaza e tamén a cuberto das frecuentes enchentes do Miño.

O falo de granito achado a media altura na falda do monte, constitúe un dato impreciso para a súa catalogación. Pero Francos non puido subtraerse ao destino da maioría dos castros galegos: foi romanizado; se non faltasen outros datos, demóstrao a moeda alí atopada e tamén o fragmento de recipiente de vidro. Podemos mesmo afirmar que é un castro moi romanizado, por que as súas excepcionais condicións o converterían en campamento permanente, pero hoxe, non obstante difícil de ser advertido. O orixinal debuxo de palmas e cruzamentos, parece alcanzar unha época posterior. Apuntaremos sobre estes datos: a súa inmediata proximidade a Pazos de Reis, onde a tradición sinala a localización do pazo de Witiza e, en fin, a autorizada opinión do Sr. Margelina, que, en reacción a visita ao castro, fixo observar o carácter bárbaro daquel curioso debuxo das palmas e as cruces.

Todo fai aconsellable un urxente e sistemático estudo do castro, unha escavación intelixente e demorada que nos permita desenterrar os moitos misterios que creemos agocha.

*Vigo, 27 de maio de 1948*